



CONCELLO DE REDONDELA

COMUNICADO DO CONCELLO DE REDONDELA EN RELACIÓN AO COVID-19

A evolución do COVID-19 nos derradeiros días supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades sanitarias estatais e autonómicas.

O novo escenario esixe adoptar medidas que permitan garantir a saúde dos traballadores/as e empregados/as públicos para continuar coa prestación dos servizos e tamén do conxunto da cidadanía na súa relación coa administración municipal.

A partir das recomendacións do Estado e da Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Redondela dispón a adopción das seguintes medidas, sen prexuízo da súa modificación en función da evolución da situación e as recomendacións ou disposicións que no seu caso se diten polas Autoridades competentes. No caso de que por parte da Administración Autonómica ou Estatal se adopte algunha outra decisión, relativa ao peche de centros educativos ou de maiores, aplicaranse medidas adicionais que permitan a flexibilización da parte da xornada laboral de presenza obrigatoria nos centros de traballo así como calquera outra que resulte necesaria, garantindo en todo caso a prestación dos servizos públicos.

Centros ou dependencias do Concello aos que se dirixen as medidas adoptadas:

- Casa do Concello
- Multiusos da Xunqueira e de Chapela
- Casa da Cultura
- Conservatorio Municipal de Música Victor Ureña
- Escola Municipal de Música
- Mercados de Redondela e Chapela
- Dependencias de Protección Civil
- Dependencias dos Servizos Sociais de Redondela e Chapela
- Piscinas municipais de Redondela e Chapela
- Pavillóns municipais
- Escolas unitarias
- Dependencias da Policía Local
- Dependencias do Servizo de Emerxencias
- Museo Meirande

MEDIDAS A ADOPTAR:

Primeira.- Medidas para a mellora da hixiene nos centros de traballo

- Colocación de dispensadores de solución hidroalcohólica en todos os centros de traballo, priorizando a instalación nas oficinas, centros ou unidades de atención presencial e aquelas abertas ao público.
- Dispónse a colocación de guías explicativas para a correcta hixiene de mans nos aseos dos centros de traballo e nos dispensadores de solución hidroalcohólica.
- Obriga das persoas traballadoras dos distintos centros do Concello de hixienizar as mans despois de realizar a fichaxe, seguindo o procedemento indicado nas guías explicativas.
- Trasládáronse indicacións aos servizos de limpeza do Concello de Redondela para incrementar a limpeza con produtos desinfectantes dos elementos situados nas áreas comúns dos centros de traballo.

Segunda.- Atención ao público





CONCELLO DE REDONDELA

- Inserirase na páxina web do Concello a recomendación á cidadanía para evitar a realización de consultas presenciais nas oficinas do Concello, aconsellando a utilización dos medios telemáticos e telefónicos para a realización das xestións e consultas coa Administración municipal, sempre que resulte posible.
- O persoal procurará remitir á cidadanía a estes medios telefónicos e telemáticos para a realización das xestións que resulten posibles.

Terceira.- Actividades.

- Quedan aprazadas as actividades tanto exteriores como os actos culturais organizados polo Concello así como a Feira de Chapela.
- Quedan aprazados os cursos que realiza o Concello tanto os levados a cabo por AFAGA como os de TaiChi, Memoria e Preocupa.

Por outra banda, tanto a pasada semana como esta, este Concello enviou dous correos electrónicos ao servizo de medicina preventiva da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ao que con data de 11 de marzo contestaron o seguinte:

“En contestación a súa solicitude sobre a existencia de protocolo ou medida especial adoptar nas entidades locais en relación co coronavirus, comunícolle que estamos elaborando unhas recomendacións para os concellos, que sairán hoxe ou mañá a través da FEGAMP”

A ALCALDESA
DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

